

Ningún  
Dereito  
Reservado

Dominio Público: Tamén Teu

# Como a rixidez da propiedade intelectual obstaculiza o desenvolvemento cultural?


Cantas versións hai do mesmo conto tradicional? Quen cantou a primeira muiñeira? A quen lle debemos o deseño do asador de castañas? A propiedade intelectual pode protexer os intereses dun individuo particular pero é un obstáculo para o bo desenvolvemento cultural. Algunhas das expresións culturais que hoxe temos en estima foron aparecendo paulatinamente grazas ao intercambio e ao uso indiscriminado de obras sen dereitos de autor. Os artistas compartían as súas composicións e a comunidade repetíaa e transmitíaa no que era máis unha homenaxe que un roubo. Grazas

pasar de boca en boca, as obras íanse deformando, unhas veces empeorando pero outras moitas adquirindo recursos estilísticos e novos detalles creativos que lle engadían valor cultural.

Cada pouco tempo hai un litixio nos tribunais que revoluciona aos seguidores da industria da música. Os artistas, sempre famosos, que infrinxiron o copyright a miúdo non eran conscientes de facelo pero as denuncias están baseadas nunha realidade que demostra esa similitude.

A pesar das denuncias, o máis habitual nestes casos é unha resolución afastada dos tribunais coa que se acredita retroactivamente a eses artistas que foron inspiración. Deste xeito, co recoñecemento como medio para o avance cultural, de novo, permítese que a música, como ente comunitario, evolucione.

O dominio público non só nos dá acceso á cultura, tamén lle dá liberdade a esta para poder transformarse sen verse constrinxida por barreiras imaxinarias que só responden a un contexto social económico particular pero que non serven á meirande parte da sociedade.



## Non é doado saber se unha obra é de dominio público

As obras entran automaticamente no dominio público pasado un tempo. Para obras moi antigas é doado ditaminar se poden ser usadas baixo estes dereitos, mais para obras recentes é complicado saber se aínda teñen dereitos ou quen os posúe.

Na lei española, os dereitos mantéñense ata 70 anos logo da morte do autor. A menos que estes faleceran antes do 7 de decembro de 1987 (todos os casos relevantes a día de hoxe) caso no que os dereitos se manterían 80 anos. É interesante ter en conta aquí que o autor, a efectos dos dereitos da película, sería o produtor.

Outros países europeos son máis permisivos. No caso de Alemania, onde se xestaron filmes fundamentais de principios de século dentro da corrente do expresionismo alemán (Metrópolis, Nosferatu, O Gabinete do doutor Caligari entre outras), a duración dos dereitos sería de só 50 anos logo da morte do autor. Segundo o Convenio de Berna, que rexe o uso de dereitos de obras en case todo o mundo expresa que o prazo a ter en conta é o do país de orixe, así que poderíamos gozar destas obras sen problema en España. Mais a nosa lei de propiedade intelectual indica que para autores europeos debemos seguir as normas españolas, polo que de momento non poderíamos acceder a estas obras.

No caso dos estados unidos, as obras están protexidas durante 95 anos dende a súa publicación. Aquí é máis sinxelo determinar que está protexido e que non. Polo tanto, a 2025, todas as obras de 1929 ou antes son de libre uso.



Países na convención de Berna

## Infrinxir as licenzas é diferente dependendo do status social ao que pertencas.

Dirías que non? A ver, dende hai canto tempo non cres xa na práctica daquel 'todos somos iguais ante a lei? Pode que dende que descubristes a existencia de irresponsables legais, interpretación da Constitución polo medio. Ou dende aquel momento no que o partido que mandaba en España puxo unha cota mínima para emprender un litixio, coa excusa de que todo costa cartos, poñendo un prezo a tentar defender os teus dereitos. Ou pode que dende que unha peli norteamericana te puxo contra a evidencia de que nun caso xudicial entre un avogado que te podas permitir ti e un equipo de avogados con amplos recursos, o avogado do sr. ou sra. Don Ninguén leva as de perder. Ou dende que soubeches de que compañías que están infrinxindo a lei facilitan dar ou recibir cursos vacacionais a xuíces 'para que saiban interpretar mellor a lei'... Pois iso: infrinxir a lei non significa o mesmo prexuízo para todos. E así, infrinxir as licenzas ten unhas consecuencias que dependen tamén de quen sexas ti. Tanto se es ti quen as infrinxe como se son licenzas que levan o teu nome as que son infrinxidas por outros. Dende a perspectiva de quen as infrinxe, son célebres casos xudiciais nos EUA nos que se persegue a algún rapaz pedíndolle cantidades millonarias en dólares por infrinxir dereitos de licenza. O delito, á vista de calquera profano? 'Roubar' música por descargala. No outro extremo, a IA fai da súa capa un saio e aínda agora están comezando a saír casos con diferentes veredictos en función de país, compañías implicadas e outras variables con pouco que ver de xeito directo e lóxico. Non tanto por ser 'roubo', senón por plaxio na produción, considerando a IA a semellanza dun humano que rouba a idea doutra persoa e se aproveita dela causándolle un prexuízo. É dicir, por cuestión económica de 'enriquecemento' máis que por 'aproveitamento' xeral.



Dende a perspectiva de quen ve infrinxidos os seus dereitos, sinxelamente fai falta ter recursos para defender os dereitos. É dicir, necesítase de recursos previos para poder facer valer os teus dereitos, en particular os chamados dereitos intelectuais protexidos por diversa lexislación e licenzas. E evidentemente a dispoñibilidade de recursos é moi variable. Un pequeno exemplo: calquera vídeo particular que cargues en nunha plataforma como Youtube pasa a ser xestionado e aproveitado pola plataforma, e é moi probable que se alguén o emprega, mesmo para monetizar, nin chegues a sabelo. Mais unha multinacional da música reclamará danos e prexuízos e a retirada dun vídeo no que por casualidade saia unha música de fondo que diga que é do seu catálogo (atención, en xeral, chegará con que o diga, aínda que sexa 'adaptada' dunha canción popular, por poñer un exemplo.

## Por que as traducións non contan para a licenza de dominio público dunha obra?

Aínda que non se estea a xerar contido novo, o manexo da lingua é unha habilidade que ten carácter artístico en si mesmo. Todos experimentamos unha mala tradución, especialmente hoxe en día, momento no que se acostuma a empregar unha ferramenta dixital calquera para sacar o traballo de diante. Poida que para unha páxina web sinxela a tradución dixital sexa suficiente, mais para a literatura, debido ao frecuente emprego de frases feitas, metáforas e outros recursos líricos, a tarefa complica-se ad infinitum. Precisamente porque se trata da artesanía da palabra e co fin de recoñecer o detallado traballo de quen as executa, se ben comparten dereitos co autor orixinal da peza, as traducións son consideradas novas obras literarias. Isto significa que a autoría da tradución e a súa data de publicación van a determinar a licenza asignada. Por suposto, a persoa tradutora pode escoller o dominio público se a obra orixinal xa forma parte desa lista, mais tamén pode tomar a decisión de reservarse todos os dereitos que a lei lle ofrece a unha tradución. Como exemplo disto temos a gran cantidade de clásicos ingleses traducidos recentemente ao galego. Todas esas novelas escritas durante o século XIX e que xa levan anos en dominio público non están dispoñibles do mesmo xeito para o lector galego xa que as traducións foron feitas nas últimas décadas e por tanto a data de publicación fica moito máis próximas aos nosos días.

## Crear baixo dominio público pode estar financiado.

Cal sería o interese de crear novo contido para doalo ao dominio público? Non tería sentido polo menos esixir unha mención a quen te use ou faga cartos coa tua obra? Existe novo contido en dominio público?



Ao contrario do que poida parecer, si ten sentido crear obras novas e doalas sen ningún tipo de requisito aos usuarios. Para unha persoa que se estea a adestrar nunha nova modalidade, por exemplo aprendendo a facer arte dixital sen ningunha pretensión máis que a práctica en si pode ser unha boa opción liberar por completo os produtos que está a confeccionar. É tamén unha maneira de darse a coñecer e comezar unha conversa con posibles futuros colaboradores.


Mais a pregunta é, podemos sustentarnos deste xeito? Un bo exemplo é o artista 3d Kenney.nl, que na páxina web do mesmo nome pon á disposición de quen queira usalo modelos para utilizar en videoxogos, impresión 3d ou arte dixital sen ningún tipo de restrición. Ofrece un modelo de subscripción para quen queira apoialo e recibir as súas obras unha semana antes da publicación xeral. Pasou grazas a este modelo a ser un creador dos máis coñecidos para os creadores de videoxogos “indi” e gañar suficiente diñeiro como para vivir diso e contratar algún empregado máis.

Este último non é só un caso de éxito polo sustento do creador, senón que produce un valor multiplicativo na cultura do desenvolvemento amateur de experiencias xogables. Hai numerosos exemplos de ferramentas de desenvolvemento gratuítas e libres que se serven destes modelos para distribuírse con licenzas permisivas, que doutro modo sería moi complexo, ou creadores que estan a comezar e se sirven desta arte para comezar o seu camiño nos videoxogos sen preocuparse por licenzas ou credits que non saberían xestionar.

## Como pode meterte en problemas de licenzas a intelixencia artificial.

A ver, a ver: quen é a intelixencia artificial para meter a ninguén en problemas coas licenzas?

A contestación é breve: unha ferramenta que traballa con datos licenciados. É dicir, polo tanto, unha ferramenta que pode por si mesma, pola súa propia estrutura funcional, vulnerar licenzas de por si, facer que ti as vulneres ou mesmo vulnerar os dereitos das túas obras.



Poñamos por caso unha procura sobre o clima de Ribadeo como a que fixen xa o pasado ano. Na resposta aparecía citado o libro ‘Temperie ribadense no século XXI’. Neste caso, unha publicación con lic. CC BY SA 4.0, é dicir, que permite o seu uso e reprodución, unha vez atendida a citación ó lugar de onde saen os datos. Segundo a IA empregada, tal cita aparecía ou non, e polo tanto eu, como usuario da IA, podía, mediante o uso directo da saída subministrada pola IA, infrinxir ou non a licenza. Sendo miña xa de saída, o caso non tería importancia para min, pero ilustra a situación xeral.

Outro caso, Pídeslle á IA que cree unha imaxe de determinadas características, incluído o estilo dunha pintora contemporáneo. Resulta que che devolve unha imaxe que só alguén entendido vería como diferente dunha obra desa mesma pintora. Se non te decatas (sinxelamente porque non coñeces a obra enteira da artista) e a usas nun traballo teu, estrías infrinxindo o dereito desa pintora, sen poder descargar ‘a culpa’ na IA, aínda que sexa o vehículo que te permitiu a reprodución.

A máis, o mero feito de non saber de licenzas pódete meter en problemas por aquilo

de que ‘o descoñecemento da lei non exime do seu cumprimento’: a intelixencia artificial manexa o tema das licenzas para dar respostas, pero es ti quen ten que aplicalas, e se descoñeces abondo como para non ter noción de que tes que preguntar, o límite das respostas (tanto pola súa realidade e veracidade como pola legalidade do seu emprego) entón o problema é teu.